




Área / Unidad REHABILITACIÓN Y VIVENDA RV1000 CVV	Documento 10617I011M	
Código de verificación  286W 350H 0Q51 5G5M 0OR4	Expediente 106/2022/251	
	Fecha 10-03-2023	

CONVOCATORIA 2023 PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN, A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E A ACCESIBILIDADE EN EDIFICIOS DE VIVENDAS

1. BASES REGULADORAS

A presente convocatoria, que se realiza en réxime de concorrencia competitiva, regúlase polo Texto refundido da modificación da ordenanza municipal reguladora da concesión de axudas para a conservación e rehabilitación de edificios de vivendas, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello na sesión ordinaria do 8 de setembro de 2022, e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 200, de 21 de outubro de 2022.

2. OBXECTO, CONDICIÓNS E FINALIDADE

O obxecto destas axudas é o financiamento das obras de conservación e rehabilitación de edificios de vivendas descritas nos epígrafes 1, 2.a, 2.b, 2.c e 6 do artigo 7 da ordenanza municipal reguladora, sempre e cando se xustifique axeitadamente que se acadaron os obxectivos mínimos establecidos para cada unha delas:

- 1. Obras de mellora de eficiencia enerxética** que permitan acadar unha redución da demanda enerxética anual global do inmovible de polo menos un 25% sobre a situación previa á actuación.
- 2. Obras de accesibilidade** nas seguintes circunstancias:

- a) Obras que afecten aos elementos comúns en edificios de vivenda colectiva coa finalidade de dispoñer un percorrido completamente accesible desde o acceso do edificio desde a vía pública ata cada unha das súas vivendas.

En virtude das características estruturais e construtivas do edificio, así como do seu nivel de protección, tamén poderán ser obxecto de axuda aquelas que, sen acadaren o dito grao de accesibilidade completa, si permitan polo menos acadar os axustes razoables definidos no artigo 2 da ordenanza municipal reguladora.

- b) Obras que afecten ao interior das vivendas nas que residan persoas con mobilidade reducida destinadas a dotalas dun programa mínimo dunha estancia, cocina, baño e corredor que os comunique, coas condicións de adaptadas establecidas no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras da CAG, ou norma que o substitúa, e no documento de seguridade de utilización e accesibilidade DB-SUA.
- c) Obras que afecten ao interior das vivendas nas que residan persoas maiores de 70 anos, destinadas a mellorar as súas condicións básicas de accesibilidade en baños, cocinas ou elementos de comunicación.

- 3. Obras de conservación** dos edificios de uso residencial de vivenda colectiva con mais de 50 anos de antigüidade, nos termos establecidos no artigo 135.1.c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, ou norma que a substitúa, cuxa execución permita a posterior emisión dun informe favorable de avaliación do edificio nos termos establecidos na Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana de Galicia, e normas que o desenvolvan.



Ao abeiro do artigo 12.3 da Ordenanza Municipal Reguladora, poderán concorrer a esta convocatoria todas as obras que, cumprindo co resto das condicións establecidas nela, se iniciaran a partir do 16 de febreiro de 2021, o que deberá xustificarse mediante certificación emitida pola súa dirección facultativa ou, en ausencia desta, mediante declaración responsable del promotor.

En todos os casos, as obras para as que se solicite axuda deberán contar co título habilitante urbanístico necesario segundo o tipo de obra a executar (licenza ou comunicación previa) ou, no seu caso, a súa solicitude, e estar finalizadas antes do 1 de outubro de 2024.

3. IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA

Ao financiamento destas axudas destinaranse 5.300.000,00 €, con cargo as aplicacións orzamentarias 30.1522.78001 e 30.1522.78004 dos orzamentos municipais dos anos 2023 e 2024, e condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión, co seguinte reparto:

Aplicación	Obxecto	2023	2024
30.1522.78001	Subvencións de rehabilitación de vivendas	1.200.000,00 €	1.200.000,00 €
30.1522.78004	Subvencións de accesibilidade	1.450.000,00 €	1.450.000,00 €
TOTAL		2.650.000,00 €	2.650.000,00 €

Con cargo á aplicación 30.1522.78001 fináncianse as actuacións correspondentes cos epígrafes 2.1 e 2.3 da convocatoria, distribuíndose o importe asignado nas seguintes cantidades:

- Para as actuacións correspondentes co epígrafe 2.1: 900.000,00 € no ano 2023, e 900.000,00 € no ano 2024.
- Para as actuacións correspondentes co epígrafe 2.3: 300.000,00 € no ano 2023, e 300.000,00 € no ano 2024.
- Se tras a resolución de todas as solicitudes incluídas nun destes dous grupos de actuacións queda crédito dispoñible, este destinarase ao financiamento de solicitudes do outro grupo.

Con cargo á aplicación 30.1522.78004 fináncianse as actuacións correspondentes cos epígrafes 2.a), 2.b) y 2.c) da convocatoria,, distribuíndose o importe asignado nas seguintes cantidades:

- Para as actuacións correspondentes co epígrafe 2.a): 1.330.000,00 € no ano 2023, e 1.330.000,00 € no ano 2024.
- Para as actuacións correspondentes cos epígrafes 2.b) y 2.c): 120.000,00 € no ano 2023, e 120.000,00 € no ano 2024.
- Se tras a resolución de todas as solicitudes incluídas nun destes dous grupos de actuacións queda crédito dispoñible, este destinarase ao financiamento de solicitudes do outro grupo.

Finalmente, en aplicación do establecido no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvenciones, por acordo do órgano competente poderá fixarse unha contía adicional como consecuencia dun incremento do crédito dispoñible derivado de non consumirse todo o crédito de convocatorias anteriores realizadas con cargo os mesmos créditos orzamentarios, ou como consecuencia dunha xeración, unha ampliación ou unha incorporación de crédito, e a súa aplicación á concesión destas subvencións non requirirá dunha nova convocatoria.

A efectividade desta contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, previa modificación orzamentaria anterior á resolución de concesión das subvencións.

4. CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo das axudas establecerase segundo o que se indica no artigo 8º da Ordenanza Municipal Reguladora.



5. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas quen cumpra os requisitos establecidos no artigo 4º da Ordenanza municipal reguladora, e estean ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, así como non ter débedas tributarias co Concello da Coruña, tanto no momento de formular a solicitude da axuda, como con anterioridade a ditarse a/s proposta/s de resolución para a súa concesión e/ou abono.

Tendo en conta as particularidades destas subvencións, e a consideración igualmente de beneficiarios de comuneiros e partícipes das comunidades de persoas propietarias dos inmobles, nos termos do artigo 11.3 a Lei Xeral de Subvencións, a obrigación de estar ao corrente coas administracións tributarias e de Seguridade Social tramitarase mediante declaración responsable nos casos que o importe individual da axuda non supere os 3.000,00 €, conforme ao previsto nos artigos 22 e 24 do Regulamento xeral de subvencións.

6. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en obter as axudas, que cumpran os requisitos esixidos no apartado anterior, deberán presentar a súa solicitude correspondente no prazo máximo de dous meses que se contarán desde o día seguinte a que se publique a convocatoria no BOP.

As persoas físicas ou xurídicas que estean obrigadas a presentaren a solicitude por medios electrónicos, segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberán presentar a solicitude por vía telemática, e poderano facer a través dun procedemento específico definido na Sede Electrónica do Concello da Coruña, de acordo con o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, e o Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Aquelas que non estean obrigadas a presentar a solicitude por medios electrónicos, segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderán presentar a solicitude no Rexistro do Concello da Coruña, ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

7. DOCUMENTOS E INFORMACION QUE CÓMPRE ACHEGAR

As persoas interesadas deberán achegar a súa solicitude coa seguinte documentación, para o que están dispoñibles na Sede Electrónica os modelos 01 a 05:

7.1. Documentación administrativa que hai que presentar para todos os tipos de subvención

- *Modelo 01.* Solicitude de concesión de axuda
- *Modelo 02.* Certificación da persoa titular da secretaría do acordo da comunidade de persoas propietarias e listado de persoas participantes no custo da obra.
- *Modelo 03.* Declaración responsable e autorización/non oposición a consulta de datos, das persoas que formen parte de comunidades de persoas propietarias/bens, e de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Certificado emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta IBAN a nome da persoa beneficiaria.
- Notas simples informativas do Rexistro da Propiedade nas que figure a actual propiedade de todos os inmobles para os que se solicite subvención ou, no seu defecto, xustificante emitido polo Rexistro da Propiedade de que se solicitou a súa inscrición.

No segundo caso, a nota simple informativa deberase achegar no prazo de tres meses desde o día seguinte a que finalice o período de presentación de solicitudes.

- Documentación identificativa:
 - DNI de todas as persoas propietarias no caso de solicitude de persoas físicas.



- CIF no caso de solicitudes de comunidades de persoas propietarias.
- DNI do representante, no seu caso.
- Para os efectos de acreditar o cumprimento das condicións previas sinaladas no artigo 3.3 da dita ordenanza municipal reguladora, no caso de cada vivenda que constituía domicilio habitual dunha unidade de convivencia diferente das súas persoas propietarias, deberase presentar a documentación que acredite esa circunstancia, mediante un volante colectivo de empadramento das persoas ocupantes emitido no prazo da presentación da solicitude, contratos de arrendamento, ou calquera outro medio válido en dereito.

7.2. Documentación técnica que cómpre presentar para todos os tipos de subvención

- Memoria técnica, no caso de non estar recollida na documentación achegada para obter o título urbanístico habilitante. Deberase presentar unha memoria técnica co seguinte contido:
 - Descrición das obras que se van realizar
 - Fotografías do estado actual
 - Xustificación da necesidade rehabilitadora
 - Nas solicitudes referidas a obras de mellora de eficiencia enerxética: certificado de eficiencia enerxética do edificio existente e certificado de proxecto, emitidos por técnico competente.
 - Nas solicitudes referidas a obras de conservación, a memoria deberá xustificar expresamente que estas permitirán a obtención dun Informe de Avaliación do Edificio favorable.
- Orzamento aprobado para executar a obra, elaborado por empresa/s contratista/s, e detallado por partidas, medicións e prezos unitarios. Debe estar referido á obra para a que se solicita a axuda e conforme co seu título urbanístico habilitante.

Nas solicitudes referidas a obras de mellora de eficiencia enerxética que inclúan actuacións correspondentes aos tipos 1a (envolvente térmica) e 1b (resto de actuacións) definidos no artigo 8 da dita ordenanza municipal reguladora, o orzamento deberá detallar o importe correspondente a cada un deles, para os efectos de determinar o importe máximo da axuda correspondente por cada vivenda.

- Orzamentos comparativos. Cando o orzamento aprobado ascenda a unha cantidade igual ou superior a 40.000,00 € + IVE deberanse presentar como mínimo outros dous orzamentos de diferentes empresas contratistas, que tamén deberán referirse á obra para a que se solicite a axuda e ser conformes co seu título urbanístico habilitante.

Estes orzamentos deberán ser de data anterior á do acordo de autorización das obras pola Comunidade de Persoas Propietarias.

De acordo ao establecido no artigo 31.3 Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeneral de Subvencións, estes dous orzamentos comparativos non serán esixibles no caso de que a obra para a que solicita a subvención estivese finalizada e paga a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

- Cando o orzamento elixido non sexa o máis económico, presentarase unha memoria asinada por un/unha técnico/a competente que xustifique a súa elección baseándose en criterios de eficiencia e economía.
- Cadro resumo do conxunto dos importes que formen parte do custo subvencionable da actuación, con cálculo da súa contía total, en referencia ao artigo 2.2 da dita ordenanza municipal reguladora.

7.3. Documentación que cómpre entregar no caso de obras en elementos comúns

- Documento acreditativo do CIF da comunidade. (No caso de representante débese achegar tamén o DNI/NIE).



- Certificado dos acordos adoptados pola comunidade de propietarios, emitido pola secretaría, en relación cos seguintes aspectos:
 - Aprobación da acreditación de cargos e representante da comunidade
 - Aprobación da presentación da solicitude de subvención
 - Aprobación da autorización das obras e da contratación do resto dos traballos técnicos e administrativos que formen parte do custo subvencionable
 - Aprobación da elección do orzamento de obra elixido (nome da empresa ou empresas e cantidade).

Os acordos das Comunidades de Persoas Propietarias estarán adaptados aos requisitos establecidos no artigo 19 da Lei 49/1960 de propiedade horizontal.

- Certificado, emitido pola secretaría da comunidade de propietarios, que inclúa a relación de persoas propietarias do edificio (nome, DNI/NIE/CIF, inmovible) e a porcentaxe de participación de cada inmovible no custo total da obra para a que se solicita a subvención.
- No caso de solicitudes referidas a obras de accesibilidade, cando proceda, certificado de discapacidade/informe médico acreditativo de redución de mobilidade e/ou DNI acreditativo da idade, de cada unha das persoas que, tendo o seu domicilio habitual no edificio, deban ser tidas en conta para puntuar a actuación segundo os criterios de clasificación establecidos no apartado 8 desta convocatoria.

7.4. Documentación para entregar no caso de obras en vivendas

- *Modelo 04.* Declaración responsable das persoas que integran a unidade de convivencia, e autorización de solicitude de nivel de renda.

Naqueles casos no que non se autoricen a consulta, estas persoas deberán presentar a declaración do IRPF ou, no seu caso, certificado de ingresos emitido pola AEAT, referidos ao último período impositivo co prazo de presentación vencido no momento da solicitude desta axuda.

- Volante colectivo de empadramento no que figuren todas as persoas integrantes da unidade de convivencia emitido no prazo de presentación da solicitude, no caso de se opoñan a súa consulta ou estaren empadroadas noutro concello.
- Autorización da propiedade do inmovible, no caso de que a persoa solicitante da subvención non sexa a persoa propietaria.
- Autorización de todas as persoas propietarias do inmovible a favor da persoa solicitante para actuar no seu nome.
- No caso de solicitudes referidas a obras de accesibilidade, certificado de discapacidade/informe médico acreditativo de mobilidade e/ou DNI acreditativo da idade, das persoas que, tendo o seu domicilio habitual na vivenda, deban ser tidas en conta para a clasificación establecida no apartado 8 da convocatoria.

7.5. Documentación que hai que entregar no caso de solicitar axudas adicionais (art. 8.3 da dita ordenanza municipal reguladora)

- *Modelo 04.* Declaración responsable das persoas que integran a unidade de convivencia, e autorización de solicitude de nivel de renda.

Naqueles casos no que non se autoricen a consulta, estas persoas deberán presentar a declaración do IRPF ou, no seu caso, certificado de ingresos emitido pola AEAT, referidos ao último período impositivo co prazo de presentación vencido no momento da solicitude desta axuda.



- Volante colectivo de empadramento no que figuren todas as persoas integrantes da unidade de convivencia emitidos no prazo de presentación da solicitude, no caso de se opoñan a súa consulta ou estaren empadroadas noutro concello.

7.6. Documentación para xustificar as obras e que se aboe a subvención

- *Modelo 05.* Xustificación da execución da obra.
- Certificado final de obra asinado pola dirección técnica. No caso de obras sen dirección técnica deberá achegarse unha declaración responsable da súa execución asinada pola persoa solicitante e a/as empresa/s contratista/s.
- Reportaxe fotográfica que recolla a totalidade das obras executadas; no caso de existir dirección técnica, deberá vir asinado por esta.
- Memoria económica xustificativa do custo das actuacións coa relación clasificada de gastos. Xunto con esta memoria deberase achegar:
 - Cando exista dirección técnica, certificación final das obras executadas e indicar o grao de execución das partidas definidas na documentación técnica inicial, e aquelas outras que se tiveron que introducir durante a súa execución.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio, onde consten a identificación da persoa acreedora, o seu importe e a data de emisión.
 - Xustificación do pago, mediante extractos ou certificacións bancarias identificadas, seladas e asinadas pola persoa ou entidade solicitante.
- Memoria técnica xustificativa de ter acadado os parámetros mínimos establecidos segundo a intervención proposta.

No caso de solicitudes referidas a obras de mellora de eficiencia enerxética, a memoria deberá incluír o certificado de eficiencia enerxética do edificio terminado, previamente inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia.

No caso de solicitudes referidas a obras de conservación, a memoria substituirase polo Informe de Avaliación do Edificio emitido tras a súa execución, que deberá ser de sentido favorable.

8. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. Para as solicitudes referidas a obras de mellora de eficiencia enerxética (epígrafe 2.1):

- Clasificaranse en primeiro lugar as actuacións sobre elementos comúns de edificios de vivendas que inclúan sistemas de monitorización de consumos enerxéticos e condicións ambientais do inmovible que permita avaliar a eficacia do investimento, mediante a remisión dos datos obtidos a unha plataforma municipal para a súa xestión:
 - Recibirán un punto por cada unidade enteira en que se incremente a porcentaxe de redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración (kW h/m² ano) que se produza como consecuencia das obras proxectadas, por encima do esixido para poderen obter a subvención.
 - No caso de empate entre solicitudes, en virtude da puntuación establecida anteriormente, estas ordenaranse dándolles prioridade ás actuacións que afecten a un maior número de vivendas.
- Clasificaranse en segundo lugar o resto de actuacións sobre elementos comúns de edificios de vivendas:
 - Recibirán un punto por cada unidade enteira en que se incremente a porcentaxe de redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración (kW h/m²



- ano) que se produza como consecuencia das obras proxectadas, por encima do esixido para poderen obter a subvención.
- No caso de empate entre solicitudes, en virtude da puntuación establecida anteriormente, estas ordenaranse dándolles prioridade ás actuacións que afecten a un maior número de vivendas.
- Clasificaranse en terceiro lugar as actuacións sobre vivendas independentes situadas en edificios de vivendas que inclúan sistemas de monitorización de consumos enerxéticos e condicións ambientais do inmovible que permita avaliar a eficacia do investimento, mediante a remisión dos datos obtidos a unha plataforma municipal para a súa xestión, mesmo cando afecten tamén a elementos comúns do edificio no que se sitúen (por ex. cambios de ventás).
 - Recibirán un punto por cada unidade enteira en que se incremente a porcentaxe de redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración (kW h/m² ano) que se produza como consecuencia das obras proxectadas, por encima do esixido para poderen obter a subvención.
- Clasificaranse en cuarto lugar o resto de actuacións sobre vivendas independentes, mesmo cando afecten tamén a elementos comúns do edificio no que se sitúen (por ex. cambios de ventás):
 - Recibirán un punto por cada unidade enteira en que se incremente a porcentaxe de redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración (kW h/m² ano) que se produza como consecuencia das obras proxectadas, por encima do esixido para poderen obter a subvención.

O cálculo da redución realizarase mediante comparación da demanda enerxética anual global que se estableza nos certificados de eficiencia enerxética que deben achegarse coa solicitude. Para iso, o certificado de proxecto debe avaliar inequivocamente a obra para a que se solicite a axuda, pois en caso contrario á solicitude asignaráselle 0 puntos.

8.2. Para as solicitudes referidas a obras de accesibilidade en elementos comúns en edificios de vivenda colectiva (epígrafe 2.2.a):

- Clasificaranse en primeiro lugar as obras cuxa finalidade principal sexa instalar novos ascensores en edificios onde non exista e residan persoas con discapacidade recoñecida ou redución de mobilidade acreditada:
 - Recibirán un punto por cada persoa que, estando nas ditas circunstancias, teña o seu domicilio habitual no inmovible.
 - No caso de empate entre solicitudes, en virtude da puntuación establecida anteriormente, estas ordenaranse dándolles prioridade ás actuacións que lle afecten a un maior número de vivendas.
- Clasificaranse en segundo lugar as obras cuxa finalidade principal sexa a ampliar o percorrido de ascensores xa existentes para suprimir tramos de escaleiras, ou adaptar percorridos accesibles ata eles, en edificios nos que residan persoas con discapacidade recoñecida ou redución de mobilidade acreditada:
 - Recibirán un punto por cada persoa que, estando nas ditas circunstancias, teña o seu domicilio habitual no inmovible.
 - No caso de empate entre solicitudes, en virtude da puntuación establecida anteriormente, estas ordenaranse dándolles prioridade ás actuacións que lle afecten a un maior número de vivendas.
- Clasificaranse en terceiro lugar as restantes obras cuxa finalidade principal sexa instalar novos ascensores en edificios onde non existan:
 - Recibirán un punto por cada persoa de idade igual ou superior a 70 anos que teña o seu domicilio habitual no inmovible.



- No caso de empate entre solicitudes, en virtude da puntuación establecida anteriormente, estas ordenaranse dándolles prioridade ás actuacións que lle afecten a un maior número de vivendas.
- Clasificaranse en cuarto lugar as restantes obras cuxa finalidade principal sexa ampliar o percorrido de ascensores xa existentes para suprimir tramos de escaleiras, ou adaptar percorridos accesibles ata eles:
 - Recibirán un punto por cada persoa de idade igual ou superior a 70 anos que teña o seu domicilio habitual no inmovible.
 - No caso de empate entre solicitudes, en virtude da puntuación establecida anteriormente, estas ordenaranse dándolles prioridade ás actuacións que lle afecten a un maior número de vivendas.
- Clasificaranse en quinto lugar as obras para renovar ascensores sen modificar o seu percorrido, ou para implantar outras medidas complementarias de accesibilidade, en edificios nos que residen persoas con discapacidade recoñecida ou redución de mobilidade acreditada:
 - Recibirán un punto por cada persoa que, de estar nestas circunstancias, teña o seu domicilio habitual no inmovible.
 - No caso de empate entre solicitudes, en virtude da puntuación establecida anteriormente, estas ordenaranse dándolles prioridade ás actuacións que afecten a un maior número de vivendas.
- Clasificaranse en sexto lugar as restantes obras para renovar ascensores sen modificar o seu percorrido, ou para implantar outras medidas complementarias de accesibilidade, segundo o seguinte criterio:
 - Recibirán un punto por cada persoa de idade igual ou superior a 70 anos que teña o seu domicilio habitual no inmovible.
 - No caso de empate entre solicitudes, en virtude da puntuación establecida anteriormente, estas ordenaranse dándolles prioridade ás actuacións que afecten a un maior número de vivendas.

Para a clasificación das solicitudes teranse en conta unicamente as persoas cuxo recoñecemento de condición de discapacidade ou acreditación de redución de mobilidade e/o idade, segundo corresponda, figure entre a documentación achegada inicialmente segundo o establecido nos apartados 7.3 e 7.4.

8.3. Para as solicitudes referidas a obras de accesibilidade no interior de vivendas (epígrafes 2.2.b e 2.2.c):

- Clasificaranse en primeiro lugar as obras en vivendas que constitúan o domicilio habitual de persoas con discapacidade recoñecida ou redución de mobilidade acreditada, e daráselles prioridade ás solicitudes que acrediten unha menor renda da unidade de convivencia.
- Clasificaranse en segundo lugar as obras en vivendas que constitúan o domicilio habitual de persoas de idade igual ou superior a 70 anos, e daráselles prioridade entre estas ás solicitudes que acrediten unha menor renda da unidade de convivencia.

Para a clasificación das solicitudes teranse en conta unicamente as persoas cuxo recoñecemento de condición de discapacidade ou acreditación de redución de mobilidade e/o idade, segundo corresponda, figure entre a documentación achegada inicialmente segundo o establecido nos apartados 7.3 e 7.4.

8.4. Para as solicitudes referidas a obras de conservación (epígrafe 2.3):

- Clasificaranse en primeiro lugar as actuacións en función do nivel de protección do inmovible afectado pola actuación, seguindo a seguinte orde:
 - Protección monumental (nivel 1 do PEPRI)



- Protección integral (nivel I do PXOM, nivel 2 do PEPRI)
- Protección estrutural (nivel II do PXOM, nivel 3 do PEPRI)
- Protección ambiental (nivel III do PXOM, nivel 4 do PEPRI)
- Protección ambiental no conxunto (nivel 5 do PEPRI)
- Sen protección
- No caso de empate entre solicitudes en virtude da puntuación establecida anteriormente, estas ordenarase dando prioridade ás actuacións que afecten a un edificio de maior antigüidade.

No caso de empate entre dúas solicitudes nos dous subcriterios definidos en cada epígrafe do presente artigo, concederase a subvención en primeiro lugar á que antes presentase a documentación completa.

9. PROCEDEMENTO PARA CONCEDER E ABOAR AS AXUDAS

O procedemento de concesión e aboamento, que se tramita en réxime de concorrencia competitiva, rexerase polo que establece o capítulo III, artigos 9 a 20, da Ordenanza Municipal Reguladora, coas seguintes particularidades:

O órgano competente para instruír o procedemento será o Servizo de Rehabilitación e Vivenda, e a competencia para a súa resolución correspóndelle ao concelleiro da Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade cando a subvención teña un importe de ata sesenta mil euros (60.000,00 €), por delegación de competencias da Xunta de Goberno Local do 28.06.2019 (BOP núm. 124, do 03.07.2019), ou á propia Xunta de Goberno Local cando a subvención supere ese importe, en virtude do establecido no artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Constituirase unha Mesa de Avaliación, como órgano colexiado encargado de formular a proposta de clasificación dos expedientes correspondente a cada un dos tipos de actuacións subvencionables e segundo os criterios establecidos no epígrafe 8 da presente convocatoria, para a súa tramitación ata o esgotamento do crédito dispoñible, que será nomeada polo concelleiro responsable da Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade, e estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: un/unha funcionario/a pertencente ao subgrupo A1 e adscrito/a ao Servizo de Rehabilitación e Vivenda
- Vogais: dous/dúas técnicos/as municipais pertencentes ao subgrupo A1/A2 e adscritos/as ao Servizo de Rehabilitación e Vivenda
- Secretaría: un/unha funcionario/a pertencente ao subgrupo A1, A2, C1 ou C2 e adscrito/a ao Servizo de Rehabilitación e Vivenda

A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requiririlles ás persoas que solicitan a subvención a información ou documentación adicional aclaratoria que non estea en poder da Administración municipal e teña fundamental relevancia e relación directa para valorar mellor as solicitudes.

A proposta de clasificación dos expedientes será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da Coruña, dispoñéndose dun prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións, tras o cal a clasificación proposta elevarase a definitiva.

O prazo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de 6 meses que se contarán desde o día seguinte a que remate o prazo para presentar as solicitudes.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da execución e aboamento das obras é de 15 días hábiles que se contarán desde a finalización da obra obxecto da subvención, fixada na resolución de concesión da subvención.

O vencemento do prazo máximo sen que se notificase a resolución lexítima as persoas interesadas para entenderen desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.



A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e poderase interpor un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se contarán desde o día seguinte ao que se reciba a notificación, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Malia o anterior, e con carácter potestativo, poderase interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao que se reciba a notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

10. MEDIDAS DE DIFUSION

Ao abeiro do artigo 17.3 da Ordenanza Municipal Reguladora, no prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación do abono da axuda, deberá xustificarse a colocación dunha placa informativa para dar publicidade ao financiamento público da actuación por parte do Concello da Coruña. A placa será facilitada ás persoas promotoras polo Servizo de Rehabilitación e Vivenda, xunto coas indicacións para o seu emprazamento.

O incumprimento destas medidas de difusión poderán ter como consecuencia a tramitación do reintegro da axuda xunto con intereses de demora segundo o sinalado no artigo 37.1.e) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación:

- Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 886/2007, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Texto Refundido da Modificación da Ordenanza municipal reguladora da concesión de axudas para a conservación e rehabilitación de edificios de vivendas, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 200, de 21 de outubro de 2022.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Real decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios
- Demais normativa vixente que resulte de aplicación.